

## Faime un castelo

Rosa Aneiros

### Revista *Casa da Gramática*. Noia

-¡Faime un castelo, faime un castelo! –berraches- ¡faime un castelo con dúas torres, unha para ver a nosa casa e a outra para ver América!

Entón, baixei a ollada toldada de arcanxos e enzoufei as mans na area. Namentres as sombras deambulaban como santas compañías ao noso redor, propúxenme a tarefa de facer un furado fondo, tan fondo como os nosos medos e os nosos exilios. Quizais eu buscaba na auga purificadora das profundidades o mesmo ca ti no aire canso desa Francia que nos aceptara como náufragas.

-Mira, un día poderemos camiñar sobre o mar e chegaremos andando á casa. Non lle contes a ninguén o noso atallo –e miraches de esguello para a estadea de sombras- Hemos chegar a pé ata a mesma cancela da eira.

O que ti non sabías, miña nena, é que non hai atallos que esquiven unha guerra.

Cando viches por primeira vez aquel mar sen espantos, o lume azul da ilusión prendeu nas túas meniñas. Levabas nos ollos os cumios dos Pireneos e nos pés as bochas -xa duras como a noite- dos camiños dos contrabandistas. A fronteira de Francia presentábase como a última posibilidade de deixar de escoitar os bombardeiros enriba de Barcelona. Aquela cidade, que non era nosa tampouco, quixo converterse no último reduto da esperanza. Pensamos que sería o derradeiro lugar onde loitar pola república, pero ficou unicamente como inicio dunha loita máis urxente, a da supervivencia. Ao recompoñermos aquelas maletas de coiro vello decidimos introducir nelas ducias de cousas, obxectos da nosa efémera vida, sen saber que a memoria non cabe en ningún sitio. Nin sequera a dunhas nenas. Nin sequera ela é quen de se arrombar nos espazos silenciosos da espuma que babexa no recordo.

Talvez por iso deixamos finalmente a maleta ciscada co seu ventre esgazado, as tripas sangrantes e os xoguets zarrapicando as cunetas. As bonecas esquecidas no po asemellaban cadáveres de nenos asasinados. Mesmo xuraría que a miña *Carmiña* de porcelana tiña o meu mesmo rostro de cansazo, de pánico, de desilusión. Por iso me custou tanto deixala atrás. Porque era eu quen quedaba soíña naquela fochanca de sangue e pólvora. Porque era eu quen quedaba. Aconteceu cando fuxiamos a Europa, a penas uns días antes, naquela outra vida que habitamos no mesmo corpo que é o noso.

-¡Faime un castelo! ¡Faime un castelo con dúas torres para enxergar a aldea!

Nesa praia inmensa, degoirabas por esquecer. Xa non sentías o cheiro nauseabundo da pólvora, nin a dor dos cascallos na rúa, nin sequera o sabor tan contradictorio dos botes de leite condensado que enchían de azucre os beizos cando só quixeramos que nos aloumiñasen a alma. Perderas polos retortos cavorcos do cerebro os berros de papá e as bágoas de mamá cando vendeu o seu anel, o único lazo que lle quedaba co pasado. Non percibías a anguria por aquela *Carmiña* de porcelana que me perseguía dende as cunetas do Perineo cos ollos de plástico inzados de reproches. E nesa praia só había o silencio infinito de quen anceia unha fuxida inminente. Espraiarase un neboeiro de

queixas que circulaban vagabundas por entre aquelas sombras que non posuían nada agás a incerteza. Acamparan os laios afogados e intermitentes para non escoitar o medo da propia voz. Para apagalo. Para non deixarse estrangular pola memoria que arrepiía.

-¡Constrúeme unha torre! ¡unha torre que me deixe ver alenmar! ¡Quero ver a nosa casa! ¡Quero vela! –repetías insistentemente.

O areal multiplicaba a túa voz namentres eu afundía as mans no xabre para asentar os cimentos dos soños. O océano levou a súplica ao seu ventre de baleas e barallos. Deixouno remexerse coas algas e cos golfinhos e mesmo agatuñar polas furnas submariñas. Como un fuxido. Como o maqui que non ha volver das entrañas rabuñadas do monte. Todas aquelas sombras amoreábanse remexían rezaban imploraban ao noso carón contemplando o espectáculo infinito do ceo que se tingue de sangue no roibén cando morre cada día.

-Parece a nosa casa –murmuraches, e as sombras agocharon os rostros para embebedarse de bágoas na soidade multiplicada da area.

Só ti mantiveches a ollada seca de dor e incompreensión, a mirada alucinada dunha nena que descoñecía por que tivera que abandonar a escola e a cortiña. O castiñeiro e a saia dos domingos. Os lapis de cores e o catón. Sei que o que máis che doían non eran as miñas mentiras, nin tan sequera o frío que se erguía pola noite coma unha fantasma ou a fame que berraba dende o abismo dos nosos estómagos. Tampouco a angustia das sombras. Sei que cando che fixen aquel leito na area seguiches a miña brincadeira e durmiches ollando o ceo infinito de agosto sen odiarme. Non criches que fose un agasallo, nin que aqueles millóns de estrelas tivesen o teu nome escrito no firmamento. Tamén intuías que nunca chegaríamos a pé por riba do océano maimiño que rompía, unha e outra vez, unha e outra vez, no limbo da nosa ollada de nenas.

Ti xa viras os arames e mais os soldados armados no horizonte acoutado da praia.

Ti xa sabías que nos habían botar daquel campo de refuxio e que Francia era só unha estación no tránsito.

Por iso intuías que non había torres de area que conduciran a casa.

A guerra non é bo lugar para dúas nenas.

Pero, insisto, iso ti xa o sabías.